

FINALIDADE

O obxectivo principal deste programa é axudar á persoa emprendedora a concretar os puntos clave para levar a cabo a súa idea de negocio satisfactoriamente, fomentando a creación dunha estratexia clara para deseñar o produto e para chegar ao cliente obxectivo.

Tódalas sesións están orientadas a incrementar a creatividade aplicada ás ideas de negocio das diferentes cooperativas e entidades de economía social.

DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais, e persoas emprendedoras que aposten pola fórmula cooperativa e economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

Instalacións adaptadas ás medidas de hixiene establecidas.

DATAS E HORARIOS

Impartirase do 29 de maio ao 1 de xuño de 2023 en horario de 16 a 20 horas.

O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Información: 982 284 150, info@fundacioncel.org

Inscripcións:


<https://forms.gle/5rXkrXYxPGutdLfC7>



**CONSTRÚE O TEU
MODELO DE NEGOCIO
CON LEGO**

¡¡INSCRÍBETE!!

**Curso gratuito con
prazas limitadas**



DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de 16 horas está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio das cooperativas participantes, a través dunha metodoloxía innovadora: LEGO® Serious Play®.

As accións desenvolveranse ao longo de 4 sesións cunha duración de 4 horas,. Os contidos son os seguintes:

MÓDULO 1. CONSTRUÍNDO A TÚA PROPOSTA DE VALOR (4 horas)

Establecer cal é o valor diferencial da idea de negocio; como a cooperativa, produto ou servizo resolve o problema ou necesidade do cliente, e que beneficios debe esperar o cliente do servizo.

MÓDULO 2. CONSTRUÍNDO O TEU CLIENTE TIPO. O MODELO DE EMPATÍA (4 horas)

Identificar as características que permitirán realizar un mellor axuste entre os produtos ou servizos que se ofrecen e as necesidades e intereses dos potenciais clientes.

MÓDULO 3. CONSTRUÍNDO O TEU PRODUTO E O CAMIÑO CARA O TEU CLIENTE (4 horas)

Definir exactamente cal é o produto ou servizo que se vai ofrecer ao mercado, e deseñar unha estratexia de venta para chegar ao cliente obxectivo.

MÓDULO 4. CONSTRUÍNDO A TÚA COOPERATIVA (4 horas)

Determinar que recursos e capacidades se van necesitar para emprender a idea de negocio, e como se poden conseguir e/ou desenvolver.

MEDIOS PREVISTOS

LEGO® Serious Play® é unha metodoloxía que fomenta a reflexión, construción e creación de metáforas que se convirten en espazos de análise, debate e convivencia de persoas, ideas e proxectos. Por medio de preguntas clave, os/as participantes van profundizando en temas dunha maneira que nunca antes fixeran ata acadar solucións e respostas altamente creativas, disruptivas e inspiradoras para a toma de accións reais.

Con LEGO® Serious Play® facilítase a comunicación interpersonal a través dunha ferramenta que despersonaliza a mensaxe, así como a comunicación intrapersonal. Cóntanse historias sobre as construcións, visibilízase o que non vemos, e incluso o que non conseguimos poñer en palabras.

Garántese que o 100% dos participantes de cada obradoiro participe na mesma medida. Tod@s constrúen, tod@s contan historias.